

## Posible significado existencial e metafísico da “negra sombra”

**Xavier Costa Clavell**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

COSTA CLAVELL, XAVIER (2012 [1986]). “Posible significado existencial e metafísico da ‘negra sombra’”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 239-241. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1921>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

COSTA CLAVELL, XAVIER (1986). “Posible significado existencial e metafísico da ‘negra sombra’”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 239-241.

\* Edición dispoñíbel desde o 8 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## POSIBLE SIGNIFICADO EXISTENCIAL E METAFÍSICO DA “NEGRA SOMBRA” ROSALIANA

XAVIER COSTA CALVELL

Barcelona

Este poema de Rosalía de Castro ten sido profundamente glosado, pero a súa ambigüidade poética resistiu tódalas calas interpretativas. Foron moitos ata hoxe mesmo os eséxetas que intentaron atopar unha clave nos versos da “Negra sombra” explicativa do concreto significado da composición e mesmo poñer ó descuberto unha probable veta dese nobre pesimismo que subxace no mellor da obra poética de Rosalía. Coido eu que non existe tal significado concreto, senón que os versos do poema rosaliano están impregnados de diversos sentimentos, vivencias e pensamentos que conflúen entrecruzándose e enriquecendo os belidos e profundos versos. Hai na “Negra sombra”, ó meu ver, unha dimensión existencial e outra metafísica.

¿E esa *sombra* para Rosalía alguén ou algo máis ou menos concreto? ¿Ou trátase dunha abstracción, dun estado de ánimo que se abre camiño dentro do poeta, en calquera intre, cando o poeta menos o pensa, unha especie de chamada ou aviso ó seu espírito, un sinal que penetra no interior de Rosalía con tremenda, insoslaible lucidez, que, ó mesmo tempo, se sitúa máis alá, por enriba da conciencia e que, por iso mesmo, resulta efimeramente esclarecedor pero tamén anonadante?

Para uns, o símbolo da *negra sombra* rosaliana é a nai, a nai que abandona á filla na súa máis tenra infancia e pospón o amor materno ás comenencias sociais. Para outros é o pai quen simboliza a *negra sombra*, o pai sacrílego, o pai sacerdote, o pai que enxendrou á filla no pecado e situouna a ela na picota da sociedade. Hai tamén a versión segundo a cal a *negra sombra* rosaliana simbolizaría a lembranza do poeta Aurelio Aguirre, que morreu afogado o 30 de xullo de 1858 nunha praia coruñesa e de quen se ten chegado a dicir que estivo namorada Rosalía de Castro. A influencia de Aguirre no poema “Negra sombra” podería ser, para algúns escoliastas, non interna, sendo Aguirre o motivo inspirador do poema, senón externa, formal, de mera canle expresiva, ou sexa, dito sen ambigüidade, que Rosalía se deixaría influir mimeticamente pola actitude poética e a mesma expresión formal de Aurelio Aguirre. Os que sustentan esta derradeira opinión con respecto ó influxo de Aguirre nos versos da “Negra sombra” rosaliana sacan a colación, coma argumento decisivo, a existencia, anterior ó poema de Rosalía, destes versos de Aurelio Aguirre:

Díme tú, ser misterioso,  
 que en mi ser oculto moras,  
 sin que adivinar consiga  
 si eres realidad o sombra,  
 Angel, mujer o delirio,  
 que bajo distintas formas  
 a mis ojos apareces,  
 con la noche y con la aurora  
 y a todas partes me sigues  
 solícita y cariñosa,  
 y en todas partes me buscas,  
 y en todas partes me nombras,  
 y estás conmigo si velo  
 y si duermo en mi reposas  
 y si suspiro, suspiras,  
 y si triste lloro, lloras ...

Existe, non se pode negar, similitude de abondo entre o poema de Aurelio Aguirre e maila “Negra sombra” de Rosalía. Pero trátase dunha similitude de motivo, talvez de actitude. Sabido é que este tipo de similitudes son do máis frecuente non só entre poetas, senón tamén entre toda clase de creadores, incluídos músicos e artistas plásticos. Non é difícil, sen embargo, observa-la considerable diferencia existente entre o dramático alento creador e a forza expresiva que separan o poema rosaliano do de Aguirre, Rosalía meteuse, por así dicilo, dentro do motivo, víveo intensamente, e exprésase poeticamente cun vigor impresionante, mentres que Aurelio Aguirre olla o tema dende fóra, trátao superficialmente, como un motivo que non é vital nel e, por iso mesmo, os seus versos non nos comoven coma nos comoven os de Rosalía, sen esquecer que do poema de Aguirre está ausente esa sutil ambigüidade poética —soamente ó alcance dos grandes poetas— que impregna o de Rosalía.

Estes que remato de sulñar son algúns dos motivos de carácter existencial que dalgún xeito puideron influir no ánimo de Rosalía cando escribiu a “Negra sombra”. Pero a verdade é que non resultan moi convincentes que digamos —ó menos para min— ningunha das interpretacións que se teñen feito do poema rosaliano pretendendo vencellar exclusivamente o seu trasfondo poético a un significado-motor máis ou menos concreto. É posible que o comportamento da nai, a sacrílega paternidade e mesmo a sombra do cadáver de Aurelio Aguirre —que resulta o factor máis dubidoso— teñan algo que ver na fonte creacional da “Negra sombra” cantada por Rosalía. En calquera caso, coído que hai nos versos rosalianos moita maior complexidade cá que calquera das citadas eséxeses podería ofrecer na súa canle pretendidamente esclarecedora. Con calquera delas, quedaría á marxe esa especial urdime da personalidade poética de Rosalía de Castro que se amosa estreitamente vencellada con abonda frecuencia —e, penso eu, indiscutiblemente nos versos da “Negra sombra”— coa aureola do misterio metafísico.

Hai, para min, sen dúbida algunha, unha dimensión metafísica nos catro primeiros versos da “Negra sombra”:

Cando penso que te fuches,  
 negra sombra que m'asombras,  
 ô pe d'os meus cabezales  
 tornas facéndome mofa...

¿Non será a morte, a morte premonitoria, a morte inevitable, a que lle fai *mofa* a Rosalía *ó pe dos seus cabezales*? ¿A morte que vai vencellada á posibilidade da nada co seu vougo existencial, coa súa ameazante, magoadora incoherencia, pero que tamén se amosa como unha eventualidade de vida no alén, no máis alá metafísico?

Si cantan, és ti que cantas;  
 si choran, és ti que choras;  
 y-és o marmurio d'o río  
 y-és a noite y és a aurora...

O desacougo ontolóxico prendeu no ánimo rosaliano. Elá ten sede metafísica e, talvez, esa sede maniféstase nestes catro versos precedentes, que poderían simboliza-lo hipotético máis alá desexado, pero inaprehensible espiritualmente.

En todo estás e ti és todo...

¿Trátase de Deus, de quen o silencio lle resulta quizais inaceptable e dende logo incomprendible a Rosalía? ¿Ou é por ventura o chamado silencio do mar o que sinte a autora da "Negra sombra"? Os interrogantes poderían multiplicarse no eido metafísico ata o infinito. As respostas, tamén. Pero nunca nin preguntas nin respostas abarcarían a ambigüidade metafísica do poema.

O símbolo da sombra rosaliana é sustancialmente polisémico. Ten un senso hermético, ambiguo a máis non poder, que quere transmitir algo inefable, totalizador, algo que é por si mesmo, insoslaible, que dirixe, remexéndoa visceralmente, a vida humana. Diante da *sombra* rosaliana toda lucidez échese de néboa e un —o poeta Rosalía— séntese desvalido, inermes, cheo de vougo...

E o que, ó meu ver, subxace na "Negra sombra" de Rosalía de Castro: unha poesía inaprehensible no seu total significado, chea de contido polivalente, que pode ser interpretado dun xeito e ó mesmo tempo facer posible que sensibilidades diversas a asuman por canles moi distintas, mesmo opostas. E esta, sinxelamente, a riqueza existencial e metafísica das grandes creacións poéticas, esa luz que brilla e ofusca, ó mesmo tempo, na "Negra sombra" rosaliana.